

“Etiquetados en galego, por favor”.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 13 Xullo 2012 23:23



Non son poucos os empresarios miñoranos que decidiron hai tempo nomear os seus establecementos na nosa lingua. Non é ningún secreto no eido comercial que os clientes prefiren os lugares onde se "respira" proximidade cos seus hábitos e costumes. Se son turistas, aínda mellor, o autóctono é a maior sedución á hora de elixir os destinos gastronómicos ou de vista . A quen seduciría mercar en Francia obsequios con etiquetas en inglés ou en mandarín?

Nembargante, aínda mantense a costume de etiquetar produtos da terra noutras linguas. A Irmandade Galega de Adegoiros convídanos a través do Foro E. Peinador a "non comportarnos como consumidores pasivos e promovamos a galeguización comercial". Respondamos ás propostas que nos fagan en calquera establecemento cun prego rotundo e amable á vez: “Etiquetados en galego, por favor”.

Vídeo da campaña

{youtube}_vqrpT1Sb0&feature{/youtube}